



LISTA DE ASISTENTES

Baltar Feijóo, Ernesto
 Cabeza Pereiro, M^a Carmen
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pidre, José
 Costas González, Xosé Henrique
 De Oca Cancela, Guillermo
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fernández Álvarez, Antón
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 García Vázquez, José Manuel
 Garriga Domínguez, Ana
 Gil Villanueva, José M^a
 Gómez Gude, Jorge Juan
 González Novas, Roberto
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Legido Soto, José Luis
 Martí Pellón, Daniel
 Martínez Cobas, Xavier
 Mato De La Iglesia, Salustiano
 Mazaira Castro, Andrés
 Pajares Domínguez, Sergio
 Pena Rodríguez, Alberto
 Pita Grandal, Ana M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Sánchez Bermúdez, Ángel
 Suárez Creo, Juan
 Surís Regueiro, Juan
 Tojo Suárez, José E.
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Vázquez Vázquez, Amador
 Viso Alonso, Augusto
 DESCULPA ASISTENCIA
 Membiela Iglesias, Pedro

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de 22 de maio de dous mil tres, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O xoves , día 22 de maio de 2003, ás 10:10 horas , deu comezou a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de marzo 2003 e da extraordinaria do día 24 de abril de 2003.
2. Informe do Rector.
3. Autorización, se procede, da desafectación de inmobles da Universidade de Vigo.
4. Autorización, se procede, da alienabilidade dos bens desafectados no punto anterior.
5. Concurso de profesorado contratado para o curso 2003-2004.
6. Renovación, se procede, do acordo relativo á concesión de anos sabáticos para o curso 2003-2004.
7. Renovación, se procede, do acordo de transformación de PP1 en Asociado T2TC para o curso 2003-2004.
8. Exención docente por representatividade sindical.
9. Encargos de docencia na titulación de Traducción e Interpretación.
10. Aprobación, se procede, dos planos de estudio de Licenciado en Comunicación Audiovisual e Diplomado en Turismo.
11. Encargo de docencia e acceso ó segundo ciclo na titulación de Comunicación Audiovisual. Encargo de docencia na titulación de Turismo.
12. Proposta de nomeamento de Don Celso Rodríguez Fernández como profesor emérito.
13. Aprobación, se procede, da convocatoria de admisión nas residencias e complexos residenciais da Universidade de Vigo e da convocatoria de bolsas de aloxamento.
14. Presentación da memoria da oficina de I+D.
15. Aprobación, se procede, da adhesión a un escrito aprobado polo Consello do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal.
16. Aprobación, se procede da modificación parcial do Regulamento do Departamento de Dereito Público.

17. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios : Acordo de Colaboración con Universitat de les Illes Balears, Convenio Marco e Específico coas Universidades de Talca (Chile), Universidad Nacional del Centro de la Provincia de Buenos Aires (Argentina) e coa Fundación Universitaria San Martín (Colombia).

18. Elección da comisión de usuarios do CACTI.

19. Elección das Comisións de Biblioteca (6 estudantes), de Publicacións (3 estudantes) e de Cursos e Convenios (1 estudante).

20. Rogos e preguntas

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de marzo 2003 e da extraordinaria do día 24 de abril de 2003.

Apróbanse por asentimento.

Punto 2. Informe do Rector.

O Rector informa do seguinte:

- Do nomeamento de Don José Cidrás Pidre como Vicerrector de Innovación e Calidade.

- Do cambio de nome do Vicerrectorado de Posgrao e Formación Permanente polo de Vicerrectorado de Titulacións, Posgrao e Formación Permanente.

- Da baixa como membros do Consello de Goberno de Don Francisco Tugores Martorell e Don José Cidrás Pidre, polo sector de Directores/Decanos e de Don Rubén Garrido Bernández, polo sector de Estudiantes.

- Da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo na que se declara a inadmisibilidade do recurso promovido por Dona Gloria Liliana Marrocco Maffei, respecto a renovación do seu contrato como profesora asociada, por dirixirse a actuacións non susceptibles de impugnación. A sentenza non é firme.

- Da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia favorable a Universidade, respecto ó recurso interposto por FETE-UGT Galicia, contra a contratación dunha Unidade Técnica a través do Servicio de Xestión Económica e Contratación resolvendo o concurso público expediente nº 300/99. A sentenza non é firme.

- Da aprobación pola Xunta de Galicia das novas titulacións a implantar no curso 2003/2004 nas tres Universidades Galegas.

- Da concensión de fondos a esta universidade dentro do programa Interreg.

- En relación coa “Integración do Sistema Universitario Español no espazo europeo de ensinanza superior” informa que o borrador do Decreto do documento marco estará listo despois das eleccións. Di que saíu un borrador do decreto de créditos europeo que é moi semellante o que se entregou coa documentación no último Consello de Goberno.

Os Directores/Decanos de centros e/ou Departamentos que remataron ou están a piques de rematar o seu mandato poden proceder a convocar as eleccións correspondentes, de xeito que a Universidade siga coa súa vida normal. Os órganos colexiados actualizaranse cando estean publicados os Estatutos segundo indica a transitoria segunda dos mesmos.

- Como consecuencia da creación do novo Vicerrectorado de Innovación e Calidade é preciso o nomeamento dunha secretaria por libre designación o que supón aumentar este posto na RPT. A solicitude de dita modificación non foi posible incluíla neste Consello de Goberno porque cando chegou xa saíra a convocatoria do mesmo, polo que se incluírá no próximo Consello de Goberno a celebrar probablemente o día 5 de xuño. Debido a urxencia do tema o Xerente deberá iniciar os trámites para o nomeamento inmediato de libre designación desta secretaria.

- O Rector dálle a palabra á Secretaria Xeral para que informe das xestións realizadas sobre o rogo feito polo Sr. González Novas no Consello de Goberno de data 14 de marzo de 2003 no que se pedía estudar a posibilidade de modificar as Normas de Xestión Académica de xeito que se un alumno no se presenta a convocatoria de decembro teña a posibilidade de utilizar as outras dúas convocatorias.

A Secretaria Xeral informa que feitas as consultas técnicas oportunas, a solución mais axeitada consiste en modificar as Normas de matrícula para a convocatoria de decembro incluíndo o seguinte: “Unha vez inscrita unha disciplina na convocatoria de decembro poderá renunciar á mesma antes do 1º de decembro de 2003. No caso de non se presentar ó exame de decembro, o alumno so poderá utilizar unha convocatoria da súa elección (febreiro/xuño ou setembro).”

En relación á pregunta feita polo profesor Sánchez Bello nese mesmo Consello de goberno sobre se a decisión de que unha titulación nova vaia para o campus de Ourense non debería pasar polo Claustro, o Rector informa que proximamente haberá un claustro no que se vai a tratar o tema das novas titulacións pero que de tódolos xeitos a Xunta de Galicia acaba de aprobar concretamente que a titulación de Turismo é para a Universidade de Vigo no campus de Ourense, a de Comunicación Audiovisual para o campus de Pontevedra e as dúas Enxeñerías Técnicas de Telecomunicación para o campus de Vigo.

Punto 3. Autorización, se procede, da desafectación de inmobles da Universidade de Vigo.

Intervén o Vicerrector de Planificación recordando que no orzamento 2003 no capítulo VI (610) figuraban 4,5 millóns de euros en previsión do alleamento de diversos bens patrimoniais propiedade da Universidade de Vigo que no ano 2003 quedarán baleiros e fora de uso. Informa que para realizar o devandito alleamento é preciso proceder en primeiro lugar a desafectación dos inmobles e a alienabilidade dos mesmos para o que é necesario ter a autorización do Consello de Goberno, ratificación polo Claustro e aprobación polo Consello Social, rematando o proceso cunha subasta pública.

Por todo isto solicita ó Consello de Goberno a autorización para a desafectación dos inmobles que aparecen referenciados na documentación entregada.

Ábrese un turno de intervencións.

O Sr. Baltar pregunta para donde se trasladan os servicios que están nos locais afectados.

Responde o Vicerrector que o edificio de Relacións Laborais xa está baleiro. Os servicios centrais que ocupan gran parte destes locais trasladaranse o edificio do Rectorado I no Campus de Lagoas-Marcosende entre os meses de xullo e setembro. O Consello Social estase a estudar onde encaixa mellor.

O profesor Tojo manifesta o seu acordo con que os Servicios Centrais estean no campus de Lagoas-Marcosende e que si quedan locais baleiros parécelle ben que se subasten. Di que lle gustaría ter información da situación patrimonial da Universidade de Vigo e que é o que se pensa facer con edificios como por exemplo o do Rectorado.

O Vicerrector di que o relacionado co edificio do Rectorado hai que pensalo moi ben e que por exemplo o Consello Social pode encaixar ahí. En todo caso o Consello de Goberno será informado puntualmente das decisións a tomar.

A continuación procédese a votación:

| | |
|--|----|
| - votos a favor de autorizar a desafectación | 35 |
| - votos en contra | 1 |
| - abstencións | 6 |

Queda autorizada a desafectación dos inmobles referenciados no anexo I.

Punto 4. Autorización, se procede, da alienabilidade dos bens desafectados no punto anterior.

O Vicerrector di que xa argumentou a necesidade de autorizar a alienabilidade unha vez autorizada a desafectación.

Votación:

| | |
|---|----|
| - votos a favor de autorizar a alienabilidade | 36 |
| - votos en contra | 1 |
| - abstencións | 6 |

Queda autorizada a alienabilidade dos inmobles referenciados no anexo II.

Punto 5. Concurso de profesorado contratado para o curso 2003-2004.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa que hai varias áreas de coñecemento para as que vai a ser necesario sacar prazas a concurso para o vindeiro curso e tendo en conta que: o Regulamento de Profesorado comezase a elaborar en outubro, para acceder ás novas figuras de profesorado contratado da LOU requírese unha acreditación.

A COAP propón que para o vindeiro curso salgan a concurso soamente prazas de Profesor Asociado a tempo parcial e que se delegue dito concurso na COAP.

Ábrese un turno de intervencións.

O profesor Remesal di que esta de acordo con que hai unha situación especial onde se require unha acreditación para determinadas prazas, pero nalgún caso a decisión de que soamente salgan prazas de Profesor Asociado a tempo parcial pode crear situacións graves xa que hai áreas nas que teñen dereito a sacar unha praza consolidada a concurso e ó impedir a saída das mesmas non se facilita o exercicio dese dereito. Propón unha solución que xa se levou a cabo noutras universidades que é a de aprobar unha normativa provisional en Consello de Goberno para que neses casos se facilite a saída de prazas de axudante non doutor que non require a acreditación previa, ou ben facilitar unha saída temporal para esas persoas que están a piques de rematar a súa tese de Doutoramento pero que lles rematou a bolsa que tiñan.

A profesora Pita ratifica o exposto polo profesor Remesal e propón que a través do Vicerrectorado de Investigación se busquen medidas que palién este problema.

A Vicerrectora di que a posibilidade de sacar prazas de axudante non doutor foi analizada pola COAP pero o espírito da LOU establece que estos axudantes estarían dedicados principalmente a labores investigadoras, e poderán colaborar nas tarefas docentes segundo establezan os estatutos de cada universidade. Entende as situacións particulares pero cre que pode haber moitos máis casos nesa situación en que quizás se poderían analizar na Comisión de Investigación.

O profesor Durany ve que aquí hai unha cuestión persoal e di que si se fala de dereito a unha praza consolidable quere dicir que hai unha docencia a impartir. Un axudante non doutor no momento da súa toma de posesión pode negarse a impartir docencia, xa que non hai ningunha lei que lle obrigue, polo que sería necesario sacar outra praza por cubrir esa docencia.

O Rector pide que non se fale de dereitos de persoas para ocupar prazas xa que estas saen a concurso público e si hai persoas que neste momento son bolseiros debe ser preocupación da área e/ou departamentos de indicarlle camiños de futuro xa que algúns poderán quedarse dentro da Institución pero outros terán que irse. Parécelle máis adecuado agardar a por en marcha as prazas da LOU cando teñamos o Regulamento de Profesorado e aquelas áreas que teñan docencia consolidable sempre poden sacar prazas a habilitación.

Para rematar propón conciliar o feito de regular todo isto ben e, si hai problemas concretos nalgún departamento, buscar algunha solución transitoria. Asume o compromiso que desde o equipo rectoral se estudien os casos que hai e intentar a búsqueda dunha solución.

Os profesores Pita e Remesal din que están de acordo coas últimas palabras do Rector.

O profesor Pena Rodríguez opina que non é a mellor forma de comenzar unha nova titulación contratando soamente profesores asociados.

O Rector di que neses casos hai que intentar sacar prazas a habilitación e lembra que cando a Facultade fixo a memoria para pedir a titulación de Comunicación

Audiovisual non especificaba necesidades importantes de profesorado senón máis ben todo o contrario.

O profesor Santamaría intervén en nome da xunta de PDI, e pide que antes da contratación de persoal se negocie cos representantes sindicais.

O Rector propón que se aprobe o acordo da COAP co compromiso de que o equipo rectoral intente buscar algunhas solucións para as situacións antes sinaladas.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Renovación, se procede, do acordo relativo á concesión de anos sabáticos para o curso 2003-2004.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa que trátase de renovar o acordo que se trouxo a este Consello de Goberno fai un ano ata que esté regulado no Regulamento de profesorado.

O profesor Santamaría propón, en nome da Xunta de PDI, que se facilite a concesión de ano sabático atendendo ó artigo 136.4 dos anteriores estatutos.

O profesor Surís pregunta si se contempla nalgún sitio a posibilidade de que un profesor doutra universidade, veña a esta universidade a pasar un ano sabático.

A Vicerrectora di que non hai ningunha norma o respecto, pero que haberá que pensar nese tema.

Apróbase a renovación do acordo relativo á concesión de anos sabáticos por asentimento.

Punto 7. Renovación, se procede, do acordo de transformación de PP1 en Asociado T2TC para o curso 2003-2004.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado, informa que se trata de renovar un acordo relativo a transformación dos PP1 e Asociado T2TC para aqueles profesores que rematan o seu contrato como PP1 o 30 de setembro de 2003 e non teñen depositada ou lida a tese de doutoramento. Indica que segundo os datos de que dispón, serían 25 profesores afectados por esta transformación. Así mesmo sinala que habería 3 ou 4 profesores os que non sería posible renovar o contrato por non ter depositada a tese de doutoramento na data exisida.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Exención docente por representatividade sindical.

A Vicerrectora informa que esta proposta foi informada polo Xefe de Servicio de Persoal da Universidade e comentada cos representantes das centrais sindicais que chegaron a un acordo propoñendo algunhas modificacións que melloran o texto e das que informa ó Consello de Goberno.

O profesor Santamaría ratifica as modificacións sinaladas pola Vicerrectora e reitera a súa satisfacción por ser convocados a dita reunión.

Establécese un breve debate sobre cal debería ser a redacción máis axeitada para o punto 5 da proposta.

O Rector propón a seguinte redacción: “As exencións serán efectivas previa comunicación de parte do interesado ó Vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado no seguinte plano de organización docente.”

Apróbase por asentimento coas modificacións sinaladas (anexo III).

Punto 9. Encargos de docencia na titulación de Traducción e Interpretación.

A Vicerrectora lembra o problema plantexado no Consello de Goberno do 14 de marzo de 2003 no que se tratou este tema, e no que se acordou intentar chegar a unha proposta de consenso coa Área / Centro / Departamento e nese caso, delegarase a súa aprobación na COAP. Informa que despois de varias conversas o acordo non foi posible e a COAP elaborou unha proposta aprobada por tódolos membros agás o Decano da Facultade de Filoloxía e Traducción que presentou un voto particular.

O profesor Domínguez, Decano da Facultade de Filoloxía e Traducción defende a proposta do Centro.

Sométese a proposta da COAP a votación:

| | |
|-----------------------------|----|
| - Votos a favor da proposta | 25 |
| - Votos en contra | 3 |
| - Abstencións | 5 |

Apróbase o encargo feito polo COAP.

O profesor Domínguez formula un voto particular en contra ó que se suma a Profesora Cabeza.

Punto 10. Aprobación, se procede, dos planos de estudio de Licenciado en Comunicación Audiovisual e Diplomado en Turismo.

O Rector lembra que o Plano de estudos de Comunicación Audiovisual non é soamente da Universidade de Vigo senón que tamén o é da Universidade de Santiago e nesta última xa está aprobado.

O Vicerrector de Titulacións Posgrao e Formación Permanente informa que a tronalidade e a obrigatoriedade ten que ser a mesma para as dúas universidades a optatividade tamén e a mesma coa salvedade que as orientacións a implantar en Santiago e Vigo son diferentes. Explica as dificultades para a elaboración do mesmo xa que tivo que contemplar as normativas de ambas universidades e destaca que foi aprobado en Xunta de Centro por 24 votos a favor, ningún en contra e 4 abstencións.

Despois de informar das alegacións presentadas ábrese un turno de intervencións.

A profesora Cabeza, directora do Departamento de Traducción e Lingüística, explica que na súa intervención non vai a opinar sobre o contido do plan pero si sobre o procedemento formal. Di que como Directora do Departamento presentou unha serie de alegacións e que non recibiu ningunha comunicación dos acordos tomados, así mesmo vota en falta na documentación os escritos das alegacións presentadas. Non está de acordo coas razóns que aduce a Xunta de Titulación para rexeitar as alegacións e principalmente cando se refire a que foron presentadas fora do prazo público aberto pola Xunta de Facultade.

Expresa, as súas reservas respecto a este procedemento e pide se é posible que a decisión se aprace para un próximo Consello de Goberno.

O profesor Pena Rodríguez, Decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, agradece ó Vicerrector a dilixencia para a elaboración deste Plano de Estudos así como ós distintos departamentos que participaron na elaboración e na súa mellora. Pide desculpas si nalgún momento non chegou a información a tódolos Departamentos afectados derivado de ter que levalo en paralelo con Santiago e ofrécese a dar todo tipo de información ás distintas Áreas que se considerasen afectadas.

O Vicerrector pide desculpas por non figurar na documentación o texto completo das alegacións e di que en ningún plano de estudos dos aprobados en Xunta de Goberno durante os tres últimos anos se contestou ós alegantes.

Establécese un breve debate no que interveñen a profesora Cabezas, o Vicerrector e os profesores Pena Rodríguez e Martí Pellón.

Finalmente o Rector propón aprobar agora o plano de estudos para non retrasar o proceso, pero tendo en conta que hai Departamentos que realizaron propostas de optativas que non foron atendidas, se lles dea a posibilidade de que a Xunta de Titulación, nalgún momento do vindeiro curso, estudie se é posible engadir algunha .

A continuación procédese a votación do plano de estudos de Comunicación Audiovisual:

| | |
|-------------------|----|
| - Votos a favor | 25 |
| - Votos en contra | 1 |
| - Abstencións | 5 |

Queda aprobado o plano de estudos de Comunicación Audiovisual (anexo IV).

- Plano de estudos de Diplomado en Turismo:

O Vicerrector informa das alegacións presentadas e dos acordos da Xunta de Titulación sobre as mesmas. Así mesmo informa que o resultado da votación na Xunta de Titulación:

- 14 votos a favor
- 1 en contra
- 1 abstención.

Ábrese un turno de intervencións.

A profesora Carballo-Calero di que a súa intervención vai no mesmo sentido que a da profesora Cabezas xa que nen sequera figura ningunha das alegacións que ela entregou persoalmente. Pide o compromiso, o igual que no caso anterior, de que nun futuro se considere a posibilidade de engadir como optativas una materia relativa a Xeografía de Galicia e o seu potencial turístico e outra de Historia da Arte de Galicia.

O profesor Fraiz (Decano da Facultade de Ciencias Empresariais), agradece a tódolos que colaboraron na elaboración do plano de estudos e destaca que a unanimidade foi a característica dominante durante todo o proceso. Non entende as queixas prantexadas xa que foron tratadas tódalas alegacións engade que debido á estrutura do plano de estudos as limitacións no número de créditos non foi posible atendelas todas. Di que foron invitadas todas as áreas de coñecemento implicadas aínda que non estiveran na Xunta de Titulación.

O profesor Galvez xustifica a alegación do Departamento de Informática e di que respecta a decisión da Xunta de Titulación pero que el, xunto co Departamento, non están de acordo con ese plano de estudos.

O profesor Martí Pellón pide se é posible unha maior flexibilidade na adscrición a áreas de algunhas materias.

O profesor Fraiz di que houbo un acordo previo da Xunta de Titulación de que as materias obrigatorias se adscribisen exclusivamente a unha área de coñecemento.

Despois de varias intervencións dos profesores Mazaira, García Vázquez e Surís, o Rector propón someter o plano de estudos de Turismo a votación.

| | |
|-------------------|----|
| - Votos a favor | 23 |
| - Votos en contra | 0 |
| - Abstencións | 5 |

Queda aprobado o plano de estudos de Diplomado en Turismo (Anexo V)

Punto 11. Encargo de docencia e acceso ó segundo ciclo na titulación de Comunicación Audiovisual. Encargo de docencia na titulación de Turismo.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado di que os encargos de docencia non pasaron á supervisión da COAP porque chegaron con posterioridade a celebración da mesma pero debido a urxencia do tema veñen directamente a este Consello de Goberno. Na Titulación de Comunicación Audiovisual preséntase a proposta dos encargos de docencia de 1º e 3º curso por se se comeza con ambos cursos.

Apróbanse por asentimento os encargos de docencia

Respecto ó acceso ó 2º ciclo a Xunta de Facultade propón que das 40 prazas ofertadas 35 queden reservadas ás Licenciaturas de Ciencias da Comunicación(Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas e Comunicación Audiovisual).

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Proposta de nomeamento de Don Celso Rodríguez Fernández como profesor emérito.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa que a proposta foi aprobada pola COAP. Así mesmo, e ó marxe desta proposta, a COAP quere deixar constancia que o Regulamento de Profesorado debería regular algunhas condicións que atinxen os requisitos dos Profesores Eméritos.

O profesor Costas, como Director do Departamento de Filoloxía Galega e Latina, fai referencia dos motivos polos que é importante para o Departamento este nomeamento.

O profesor Dominguez súmase ó exposto polo Director do Departamento.

O profesor Durany apoia este nomeamento e quere insistir na importancia de que o Regulamento de Profesorado recolla non so os nomeamentos de profesores eméritos, senón tamén as renovacións.

O Rector di que este é un posto honorífico pero que no caso de D. Celso Rodríguez é un honor para a institución telo como profesor emérito.

O profesor Santamaría apoia esta proposta en nome de FETE-UXT

Apróbase o nomeamento por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, da convocatoria de admisión nas residencias e complexos residenciais da Universidade de Vigo e da convocatoria de bolsas de aloxamento.

O Rector informa (por ausencia do Vicerrector de Extensión Universitaria e Estudiantes) que a convocatoria é similar á do ano anterior, soamente adianta un pouco o prazo e algunha outra pequena modificación.

Apróbase por asentimento.

Punto 14. Presentación da memoria da oficina de I+D.

O Vicerrector de Investigación expón un resumo do informe presentado resaltando a crecente actividade dos investigadores, xa que se pasou de facturar dous millóns de euros no ano 1997 a unha factura de máis de cinco millóns no ano 2002.

Punto 15. Aprobación, se procede, da adhesión a un escrito aprobado polo Consello do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal.

Apróbase por asentimento.

Punto 16. Aprobación, se procede da modificación parcial do Regulamento do Departamento de Dereito Público.

Apróbase por asentimento.

Punto 17. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios : Acordo de Colaboración con Universitat de les Illes Balears, Convenio Marco e Específico coas Universidades de Talca (Chile), Universidad Nacional del Centro de la Provincia de Buenos Aires (Argentina) e coa Fundación Universitaria San Martín (Colombia).

Aprobación por asentimento.

O profesor Gude pide que se axilice un convenio enviado polo seu Departamento.

Punto 18. Elección da comisión de usuarios do CACTI.

Apróbase por asentimento a proposta da Comisión de usuarios do CACTI polo que son elixidos :

Profesores doutores:

Don Stefano Chiussi
 Don Jorge Domínguez Martín
 Dona Generosa Gómez Pacios
 Don José M. Lanaja del Busto
 Don Jesús Pastor Bravo
 Don Lorenzo Pastrana Castro
 Don Daniel Rey García
 Don Ezequiel Vázquez López

Estudiantes

Dona Ana Fernández Carrera
 Dona Ana Cristina Sánchez Díaz

PAS

Dona Sonia Escudero Prieto
 Don Fernando González Muñíos
 Don José B. Rodríguez González

Punto 19. Elección das Comisións de Biblioteca (6 estudantes), de Publicacións (3 estudantes) e de Cursos e Convenios (1 estudante).

Non hai candidatos polo que se pospón para un próximo Consello de Goberno.

Punto 20. Rogos e preguntas

O profesor Ramos pregunta polo procedemento seguido para a selección de prazas a sacar para o Programa Parga-Pondal.

Contesta o Vicerrector de Investigación e di que despois da petición da Xunta o Vicerrectorado pediu os departamentos, grupos de investigación e investigadores que solicitaran prazas para este programa, nese mesmo escrito xa se indicaban os criterios a utilizar para facer a selección. A universidade de Vigo presentou 78 solicitudes e a Xunta soamente oferta 30 para cada universidade polo que as solicitudes foron ordenadas segundo os criterios sinalados.

O profesor Gude pide si se pode numerar a documentación do Consello de Goberno e pregunta si se pode esperar a setembro a modificación do POD do seu Departamento, xa que se ve afectado polos planos de estudio aprobados hoxe.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado di que si a modificación implica sacar prazas a concurso é preciso facelo o mais axiña posible.

A Sra. Iglesias Galán roga que sempre que se fagan contratos laborais novos de profesorado se informe ó comité de empresa.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas do día 22 de maio de 2003 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do Rector

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe